



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA DÉCIMO NOVENA EDICIÓN DA FEIRA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS DE GALICIA- CULTURAL 2026

Santiago de Compostela

COMPARECEN

Por unha banda, José Carlos López Campos, en representación da Axencia Galega das Industrias Culturais, no sucesivo Agadic, con NIF Q6550009B, actuando no seu nome e representación en virtude do recollido na Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Por outra banda, Víctor López García, na súa calidade de presidente da Asociación Cultural (en adiante a Asociación), con NIF G70259924, actuando no nome e representación da entidade, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude dos seus estatutos e segundo a resolución de inscrición da xunta directiva do 20.3.2026 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes de acordo coa certificación do acordo adoptado pola asemblea xeral da Asociación o 21 de novembro de 2025.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008. Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Segundo. A Asociación Cultural é unha asociación constituída ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, sen ánimo de lucro, que ten como fins, entre outros, a organización de Cultural-Feira das Industrias Culturais de Galicia, co obxectivo de darlle visibilidade á oferta cultural





do país nas súas diferentes versións, soportes ou sectores, así como promover a mellora das industrias culturais galegas e o desenvolvemento da lingua e a cultura galegas no ámbito das industrias culturais. Fundada en 2010, é a encargada de velar pola continuidade e estabilidade do evento a través da súa organización.

Terceiro. Culturgal, a Feira das Industrias Culturais, é a feira de referencia da cultura galega. Unha cita anual que ten como meta favorecer a comunicación, cooperación e formación de redes de apoio mutuo entre profesionais, empresas e institucións do sector á vez que se facilita o contacto directo co público. Dende a súa primeira edición de 2007, constituíuse como o principal punto de encontro entre cultura e sociedade, un escaparate para as novidades artísticas e creativas no mundo do libro, as artes escénicas, o audiovisual, a música, a tecnoloxía e a arte contemporánea, e como un espazo no que intercambiar experiencias e idear novos proxectos de colaboración entre as industrias creativas galegas e destas con disciplinas doutros territorios. Un espazo de encontro no que o sector da cultura mostra a súa forza de conxunto e no que se produce un enriquecedor diálogo e intercambio de ideas.

Culturgal é unha ferramenta para promover, apoiar e reforzar a acción cultural que se desenvolve en Galicia; unha ferramenta útil no novo escenario no que empresas e axentes culturais deben desenvolver o seu traballo. Remarcar o valor social e económico desta acción cultural é, xa que logo, un obxectivo central de Culturgal; unha feira ampla, diversa e rendible en visibilidade para marcas e empresas e rendible, tamén, en termos de negocio.

Culturgal é o proxecto das industrias culturais que conta coa rede máis ampla de colaboradores asociativos e empresariais, xa que son as asociacións máis representativas do sector as que se implican no seu desenvolvemento, garantindo así a continuidade do proxecto e o asentamento dunhas liñas de traballo sólidas, e ás que se engaden moitas empresas e entidades que veñen participando asiduamente no evento tanto a nivel de patrocinios como de colaboración, un feito que a converte nun modelo transversal e único.

Culturgal celebra en 2026 a súa décimo novena edición afianzando unha identidade de marca sólida e apreciada polo público. Despois da edición de 2023 na que se activou como horizonte recuperar a amplitude de públicos para a feira e ter representadas na súa acción todas as variantes das culturas galegas, nesta edición a intención é continuar nesa senda de adaptación e exploración constantes, acondicionando os esquemas propostos ás necesidades máis recentes das industrias e actividades culturais e dos seus consumidores e dos que aínda non o son. É prioridade, por tanto, implantar unha orientación decidida a captar público e a visibilizar todas as ofertas das diferentes culturas galegas, estendendo os límites xeográficos e cronolóxicos do evento dentro da comunidade autónoma e cara fóra, ampliando a base de colectivos implicados na súa organización e establecendo unha programación máis rica onde a colaboración entre disciplinas cobre notoriedade.

A Feira, que se celebrará os días 27, 28 e 29 de novembro no Pazo da Cultura de Pontevedra, convértese deste xeito no peche dun proceso expandido que estende a presenza da Feira a outras cidades, vilas e concellos pequenos, como xa sucedera nos últimos anos, co chamado





Culturgal Expandido, un conxunto de accións para desenvolver noutras localidades con anterioridade á celebración da Feira en Pontevedra.

Cuarto. Galicia conta cun tecido cultural de extraordinaria calidade, con propostas de enorme interese que cómpre fomentar e protexer. A singularidade de Culturgal e a súa consolidación como marca cultural fan deste evento un referente único en Galicia, a feira de referencia da cultura galega.

A Agadic considera esencial o apoio a este evento, que destaca por unir esforzos entre todos os sectores creativos para lograr unha maior visibilidade das industrias culturais e os seus produtos, para difundir o valor da creación cultural e a propiedade intelectual achegando ao público os seus protagonistas (creadores, editores e distribuidores); para apoiar a vertebración das industrias culturais e creativas, fomentando a relación intersectorial e a inclusión de iniciativas TIC na distribución de contidos culturais; para difundir a oferta educativa e formativa para que a xente nova poida achegar o seu talento ao sector creativo; para facilitar as relacións entre profesionais galegos e outros ámbitos de internacionalización; e para axudar tamén o talento emerxente. En definitiva, para amosarlle ao público que as industrias culturais son un sector emprendedor, innovador e xerador de emprego cualificado. E en interese deste esforzo colectivo, a Asociación decide reservar dentro do recinto feiral un stand para a difusión e promoción de actividades e programas culturais promovidos pola Xunta de Galicia.

Todo este esforzo no fomento dun sector como o escénico que realiza a Asociación Culturgal coa organización deste evento coincide plenamente coa liña de difusión e promoción das industrias culturais que a Agadic está a levar a cabo, de aí que se considere fundamental o apoio a este tipo de iniciativas.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución das actuacións é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio de colaboración é o financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento da décimo novena edición da Feira das Industrias Culturais de Galicia-Culturgal 2026 que organiza a Asociación Culturgal.

SEGUNDA. IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA

O carácter específico da actuación, a exclusividade da entidade como organizadora do evento, como así se reflicte nos seus estatutos, a posesión da titularidade da marca





Culturgal, así como a inclusión desta actuación na planificación estratéxica da Agadic, evidencian a imposibilidade de promocionar a concorrência pública para o desenvolvemento desta actividade e xustifican a canle da subvención mediante convenio de colaboración.

O proxecto cumpre, por tanto, cos requisitos previstos nos artigos 2 e 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo con este último precepto, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

A normativa reguladora de subvencións permite subscribir convenios de colaboración como canle de concesións de subvencións de forma directa, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

TERCEIRA. ACTUACIÓNS DO PROGRAMA

Culturgal desenvolverase na cidade de Pontevedra os días 27, 28 e 29 de novembro de 2026, cunha programación que contempla actuacións en directo de música e artes escénicas, presentación de produtos culturais, proxectos e servizos, proxeccións audiovisuais, encontros profesionais, debates, coloquios e foros de opinión, encontros de creadores e profesionais co público asistente, obradoiros, encontros con patrocinadores e outras actividades culturais. E complementase co desenvolvemento, con anterioridade á celebración da Feira en Pontevedra, de diversas accións culturais na localidade de Ribeira, no marco do denominado Culturgal Expandido, dentro dese proceso de expansión do proxecto a outras localidades.

CUARTA. ORZAMENTO DO PROGRAMA E FINANCIAMENTO

A Agadic realizará unha achega por importe de 90.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 13.A1 432B 481.0 que ten atribuídos segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O custe total das actividades obxecto de subvención é de 240.100,00 euros (285.391,00 euros impostos incluídos). A xustificación de gastos por importe inferior ao custo total da actividade implicará a minoración proporcional do importe da subvención.

QUINTA. PAGAMENTOS ANTICIPADOS





Poderase realizar un pagamento anticipado por importe de ata o 80 % da cantidade subvencionada, que implica a entrega de fondos con carácter previo á xustificación dos gastos, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, logo da autorización polo Consello da Xunta, de conformidade co disposto no artigo 63.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 63.2 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en aplicación da excepción prevista no artigo 65.4f) da mesma norma.

No caso de que a entidade solicite pagamentos anticipados, deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custe das actividades.

SEXTA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrência con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SÉTIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. A entidade beneficiaria deberá cumprir, ademais dos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os requisitos recollidos no artigo 11 da mesma lei, que a continuación se relacionan:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores; e conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos recibidos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control e de conformidade co procedemento recollido nos artigos 23 e concordantes da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- c) Comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan





axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma. O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola Agadic agás oposición expresa da entidade solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Levar unha contabilidade separada ou o establecemento dun código específico en relación cos gastos e ingresos vinculados coa subvención.

g) Dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. Incluírse na documentación e soportes específicos das actividades que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia. Para estes efectos, os materiais ou soportes de difusión deberán incluír o logotipo da Xunta de Galicia e o do Xacobeo 2027, agás naqueles materiais que, de forma excepcional, polo seu tamaño ou por necesidades específicas de deseño ou por outras causas debidamente xustificadas, non sexa factible a súa inclusión.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A entidade debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

3. A entidade debe dedicar un dos stands do recinto feiral para promoción e difusión de programas e actividades culturais da Xunta de Galicia.

OITAVA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período establecido entre o 1 de xaneiro do 2026 e a data límite de xustificación.

GASTOS SUBVENCIONABLES	Importe sen IVE	Importe con IVE
Produción (recinto feiral, espectáculos e actividades) e medios técnicos complementarios	111.595,18	133.198,18





<i>Servizos:</i>		
1. Fabricación e montaxe de estands	40.000,00	48.400,00
2. Moqueta e tarimas dos distintos espazos	28.000,00	33.880,00
3. Pantallas, iluminación, equipos de son	15.000,00	18.150,00
4. Coordinación da produción	6.000,00	7.260,00
5. Seguridade do recinto	6.000,00	7.260,00
6. Ambulancias	1.400,00	1.400,00
7. Plataforma dixital de venda de entradas-web	500,00	605,00
8. Hoteis e mantenza persoal da organización e relatores	6.900,00	7.590,00
9. Transporte	600,00	660,00
10. Limpeza	1.600,00	1.936,00
<i>Outros:</i>		
11. Seguro responsabilidade civil	1.100,00	1.100,00
12. Plan de autoprotección	1.000,00	1.210,00
13. Plan de prevención de riscos laborais e saúde no traballo e coordinación de riscos	1.200,00	1.452,00
14. Gastos financeiros e tarefas de xestión	2.295,18	2.295,18
Dirección, coordinación de espazos e de comunicación, persoal de entrada	72.504,82	84.432,82
<i>Servizos:</i>		
1. Dirección	16.000,00	19.360,00
2. Dirección de comunicación	6.800,00	8.228,00
3. Coordinación de expositores	6.600,00	7.986,00
4. Administración e tesourería	5.800,00	7.018,00
5. Coordinación da programación da Feira	6.000,00	7.260,00
6. Coordinación do Espazo Arte	5.000,00	6.050,00
7. Servizo de rexedoría e atención ao público	8.100,00	9.801,00
8. Fotografía e vídeo	2.500,00	3.025,00
<i>Persoal:</i>		
9. Gastos de persoal contratado para o evento: rexedores, técnicos especialistas, técnico de produción e auxiliares técnicos	15.704,82	15.704,82
Programación de actividades: música, artes escénicas, obradoiros, Espazo Cinema	34.500,00	41.745,00
<i>Servizos:</i>		
1. Actividades no recinto da Feira	20.000,00	24.200,00
2. Actividades no Espazo Arte	5.000,00	6.050,00
3. Actividades no Espazo Infantil	6.000,00	7.260,00
4. Xornadas profesionais	3.500,00	4.235,00
Deseño e publicidade	21.500,00	26.015,00
<i>Servizos:</i>		
1. Publicidade en medios de comunicación e redes	10.000,00	12.100,00
2. Deseño da imaxe Cultural 2026 e aplicacións	5.000,00	6.050,00
3. Impresión de materiais (lonas, cartelería, mupis, flyers e material de difusión)	6.500,00	7.865,00
TOTAL	240.100,00	285.391,00

2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio.

3. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o 15 de decembro de 2026. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables e obrigas análogas con





posterioridade á data de xustificación, entenderanse xustificadas co feito da súa retención, sen prexuízo de que unha vez ingresados os importes, a entidade deba xustificalo coa entrega dos xustificantes correspondentes, que debe facerse con data límite do 15 de febreiro de 2027.

4. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria declare que se atopa exenta ou suxeita á modalidade de pro rata na declaración do IVE.

5. Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais, así como os derivados da garantía bancaria que no seu caso se constitúa para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a súa adecuada preparación ou execución.

6. A subcontratación das actividades estará limitada polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o 43 do seu Regulamento. No caso de subcontratación con persoas ou entidades vinculadas coa beneficiaria, estarase ao indicado no artigo 27.7º d) da Lei de subvencións e no 43.2 do seu Regulamento, que establece que en ningún caso se poderá subcontratar con persoas ou entidades vinculadas coa persoa beneficiaria salvo que a contratación se realice de acordo coas condicións normais do mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente.

No caso de contratación con persoas vinculadas coa persoa beneficiaria, aterase ao indicado no parágrafo anterior para o caso de subcontratación, debendo obterse, así mesmo, a autorización previa da Agadic.

7. Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas de gasto establecidas no orzamento de gastos subvencionables sempre que obedezan a razóns xustificadas e que as actuacións realizadas garden relación directa co obxecto do convenio

NOVENA. XUSTIFICACIÓN E CONDICIÓNS DE PAGAMENTO

A entidade deberá xustificar o custo total da actividade.

1. O pagamento da achega comprometida pola Agadic realizarase da seguinte forma:

a) Ata o 80 % do importe subvencionado poderase aboar en concepto de pagamento anticipado logo da formalización do convenio.

A entidade deberá presentar a seguinte documentación:

1. As certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.





2. Solicitude de anticipo acompañada dunha memoria xustificativa e económica na que se detallan as actuacións que se prevé realizar e o custo das actividades.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

b) A cantidade restante, logo da presentación da seguinte documentación xustificativa:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das actuacións efectuadas e tamén daqueles materiais producidos coa inclusión do logotipo da Xunta de Galicia e o do Xacobeo 2027.

2. Memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades conveniadas, na que se detallarán as desviacións producidas respecto do orzamento inicialmente presentado e as causas que as motivaron.

No relativo aos gastos de aloxamento, restauración e mantenza, esta memoria deberá conter unha xustificación individualizada, e correlacionada coa correspondente relación clasificada de gastos presentada, de cada un dos gastos incluídos nesta categoría indicando a súa necesidade, as persoas, grupo ou colectivo que os xeraron e a súa vinculación co proxecto subvencionado.

Así mesmo, a memoria deberá recoller todas aquelas circunstancias, incidencias ou particularidades que resulten necesarias para unha adecuada comprensión da relación clasificada de gastos e da documentación xustificativa achegada.

3. Relación clasificada de gastos da actividade, con identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe. Esta relación debe presentarse clasificada segundo as partidas e subpartidas reflectidas no cadro de gastos subvencionables deste convenio.

4. Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil e documentación acreditativa do pagamento. Os documentos de gasto e de pagamento deben presentarse clasificados e ordenados segundo a relación clasificada de gastos presentada. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias, polo que todas as facturas ou documentos de gasto se deberán presentar xunto co correspondente documento bancario xustificativo no que veña claramente identificado o destinatario do pagamento.

Admítese a xustificación do gasto mediante factura simplificada nos supostos autorizados pola normativa vixente, que en ningún caso se pode aboar en metálico e na que deben figurar: número e, no seu caso, serie, data de expedición, datos fiscais do emisor, identificación do produto ou servizo prestado, importe total e o tipo de IVE aplicado.

Para gastos derivados de colaboracións esporádicas prestadas por profesionais tales como conferencias, cursos, charlas ou similares, poderase admitir o recibo correspondente no que deberán constar nome e o NIF da persoa que realiza a actividade, datos da entidade beneficiaria, concepto, lugar e data de realización, importe, retención correspondente e





sinatura da persoa. Debe acompañarse, como o resto dos gastos, das xustificacións bancarias dos pagamentos.

5. No caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá xuntarse, ademais, acreditación da súa titularidade. A tarxeta debe estar asociada á conta da entidade beneficiaria. Non se admitirán pagamentos mediante tarxetas non asociadas á conta da entidade.

6. Para os gastos de desprazamento, admitirase como documento de gasto unha axuda de custo en que quede perfectamente identificado quen realiza o pagamento (a entidade) e a persoa destinataria. Neste documento deberase especificar o motivo do desprazamento, as datas das viaxes, orixe e destino, quilómetros totais no seu caso, e gastos asociados á viaxe (peaxe, aparcamento e combustible). En caso de vehículo particular, a cantidade que se admitirá por cada quilómetro será de 0,26 euros. Deben acompañarse, como o resto dos gastos, das certificacións bancarias dos pagamentos.

7. En relación aos documentos que acrediten os custos de persoal: a copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social [RLC] e documento acreditativo do ingreso.

8. En relación ás nóminas e facturas con retención de IRPF, deberá presentarse o modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes á xustificación entregada, así como xustificación acreditativa do ingreso.

9. Declaración responsable que conteña unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso contrario, presentarán declaración de non ter solicitado nin concedido ningunha outra axuda para a actividade subvencionada. De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2008, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

10. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar a entidade beneficiaria. A este respecto, para aqueles casos en que a contía supere os límites legalmente establecidos para o contrato menor, a entidade deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

11. A acreditación de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).





- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a citada documentación.

12. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiaria das subvencións reguladas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.

13. Certificación de encontrarse acollida ao réxime de exención (ou rateo) do IVE no seu caso.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Galega das Industrias Culturais comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento á entidade.

A Axencia Galega das Industrias Culturais reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

2. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o 15 de decembro de 2026.

DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderalle a esta.
2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que





se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

3. As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

- A persoa titular da presidencia da entidade beneficiaria ou persoa que legalmente a represente, ou unha persoa da entidade que a substitúa.
- A persoa titular da Dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.

3. Actuará como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto, un membro do cadro de persoal da Agadic.

DÉCIMO TERCEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Axencia Galega das Industrias Culturais
Finalidades do tratamento	Xestión e tramitación das axudas, bolsas e subvencións, convenios nominativos e premios que teñen a tramitación de subvencións.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia





Destinatarios dos datos	Consellería de Facenda e Administración Pública. Base de Datos Nacional de Subvencións.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, ou retirar no seu caso o consentimento outorgado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

DÉCIMO CUARTA. PERDA DO DEREITO Á SUBVENCIÓN, REINTEGRO E SANCIÓN

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento do importe do convenio no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas no clausulado deste convenio, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente o anticipo percibido, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Procederá a perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida no seguintes casos:

a) Non xustificar ante a Agadic o cumprimento do obxecto do convenio e a execución do proxecto.

b) Non comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

c) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, nin achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Non acreditar que está ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

4. Procederá a perda parcial do cobramento da subvención o incumprimento parcial, entendendo por este sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión da axuda. A Agadic poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver o seu alcance (e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro) cos seguintes criterios:





- No caso de condicións referentes á contía subvencionable, o alcance do cumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción e os seus xuros de demora.
 - No caso de incumprimento da obriga de dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención, coa inclusión do logotipo da Xunta de Galicia e o do Xacobeo 2027 na documentación e soportes de difusión das actividades (agás naqueles materiais en que, de forma excepcional, polo seu tamaño ou por necesidades específicas de deseño, ou por outras causas debidamente xustificadas, non sexa factible a súa inclusión), reducirase un 2 % o importe da subvención, e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas nesa proporción.
5. Para facer efectiva a devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:
 - a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
 - b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
 - c) Os supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
3. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
4. Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade e financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO SEXTA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co





fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

DÉCIMO SÉTIMA. ADMINISTRACIÓN DIXITAL

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2026. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2026.

DÉCIMO NOVENA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.





As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

VIXÉSIMA. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS E HABILITACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

De conformidade coa disposición adicional primeira do Acordo do 24 de xullo de 2012 do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, relativa á delegación de competencias na persoa titular da Dirección do organismo en materia de de axudas e subvencións públicas, delégase no director da Agadic a facultade para adoptar cantos actos e resolucións sexan necesarios para o desenvolvemento, xestión e execución do presente convenio de subvención, tales como as modificacións, aceptacións de renuncias, acordos de inicio e resolucións de procedementos de reintegro e perdas de dereito total ou parcial ao cobramento da subvención.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

**POLA A AXENCIA GALEGA DAS
INDUSTRIAS CULTURAI**

José Carlos López Campos

Presidente do Consello Reitor da Agadic

POLA ASOCIACIÓN CULTURGAL

Víctor López García

Presidente da Asociación Culturgal

